




REGULAMENTO ELECTORAL

**Para a elección a membros da
Asemblea Xeral, Presidente e Comisión
Delegada da Federación Galega de
Fútbol**

	XUNTA DE GALICIA PRESIDENCIA Secretaría Xeral para o Deporte
Entrada	_____
Salda	_____
Data	_____






Artigo 1. Obxecto da normativa


En aplicación do disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e na Orde do 8 de setembro de 2010, publicada no DOG número 174 do xoves, 9 de setembro de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se establecen os criterios para a elaboración de regulamentos e realización dos procesos electorais nas Federacións Deportivas Galegas, confeccionase a presente normativa que regula o proceso de elección dos órganos de goberno, Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada, da Federación Galega de Fútbol (en adiante FGF), con representatividade durante o período 2014 ata o 2018.

Artigo 2. Celebración de eleccións

A FGF procederá á convocatoria de elección da súa Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada no ano 2014. O calendario electoral será o indicado no anexo I. Os sobres e papeletas serán os establecidos no anexo II. As direccións e horarios das dependencias federativas son as que siguen:

FEDERACIÓN GALLEGA DE FÚTBOL	Menéndez Pelayo, 18, 2º - 15005 A CORUÑA TELEFONO: 981 12 17 86 - FAX: 981 12 00 48 - EMAIL: correo@futgal.es Horario de oficina de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas excepto os venres de tarde de 17:00 a 20:00 horas
DELEGACIÓN DE FERROL	C/ Venezuela, Nº 4 Bajo, 15403 - Ferrol TELEFONO: 981 31 14 26 - FAX: 981 31 14 26 - EMAIL: ferrol@futgal.es HORARIO: de 09:00 horas a 13:00 horas horario de oficina e de 18:00 horas a 20:00 horas para recoller documentación e consultas.
DELEGACIÓN DE SANTIAGO	Estadio Multiusos de San Lazaro, Fondo Norte, Porta 7 - SAN LAZARO - 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA - TELEFONO: 981 58 17 55 - FAX: 981 58 26 67 - EMAIL: santiago@futgal.es HORARIO: De Luns a Venres MAÑÁS de 09:30 a 13:30 horas TARDES de 17:00 a 21:00 Horas.
DELEGACIÓN DE LUGO	Ronda del Carmen, 50 Entrechan C. - 27001 LUGO TELEFONO: 982 20 30 86 - FAX: 982 20 32 57 - EMAIL: lugo@futgal.es HORARIO: De Luns a Xoves de 18:30 a 20:30 horas.
DELEGACIÓN DE OURENSE	C/Noriega Varela, 12 bajo - 32004 OURENSE TELEFONO: 988 22 86 91 - FAX: 988 22 86 11 - EMAIL: ourense@futgal.es HORARIO: De Luns a Venres de 17:00 a 21:00 horas.
DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA	Leonardo Enriquez, s/n. 36005 - PONTEVEDRA Estadio Municipal de Pasaron TELEFONO: 986 85 24 14 - FAX: 986 85 52 41 - EMAIL: pontevedra@futgal.es HORARIO: De Luns a Venres de 16:00 a 20:00 horas.
DELEGACIÓN DE VIGO	C/ Caleira, nº 6 Entrechan- 36210 VIGO TELEFONO: 986 43 57 14 - FAX: 986 22 92 91 - EMAIL: vigo@futgal.es HORARIO: De Luns a Venres de 16 a 20 horas.





Artigo 3. Regulamento electoral provisional e definitivo


Unha vez aprobado o regulamento electoral por parte da Asemblea Xeral da FGF será remitido á Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, que resolverá, no prazo máximo de 10 días hábiles dende a entrada do documento no seu rexistro, sobre a aprobación do mesmo ou a súa devolución para a corrección de posibles deficiencias.

Transcorridos estes sen que recaia resolución algunha entenderase aprobado o regulamento. No caso de ser necesaria a subsanación de deficiencias, indicaranse as mesmas e se concederán dez días hábiles para proceder a dita corrección.

A Asemblea Xeral da FGF, en base ao sinalado na Orde do 8 de Setembro do 2010 publicada no DOGA nº 174 do xoves 9 de setembro de 2010 que, no caso que houbera que subsanar algunha deficiencia no mesmo regulamento electoral, delegará na Xunta Directiva facer os cambios necesarios, sen necesidade dun novo sometemento á aprobación da asemblea xeral. Unha vez feitas estas modificacións, o novo regulamento presentarase á Secretaría xeral para o deporte para a súa ratificación definitiva. O regulamento publicarase na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte e na páxina web da FGF (www.futgal.es)

Artigo 4. Censo electoral

1. O censo electoral (ANEXO III) incluirá aos futbolistas, adestradores/preparadores físicos, árbitros e entidades deportivas inscritas na federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, que reúnan os requisitos para ser electores e elixibles, de acordo co establecido no artigo 8º do presente regulamento. Incluiranse os seguintes datos:
 - a) Para os/as futbolistas, adestradores e xuíces/árbitros: nome, apelidos, número do Documento nacional de identidade ou da tarxeta de residencia e domicilio a efectos de notificación. O domicilio reflectido por defecto para o estamento de deportistas será a da entidade deportiva a que pertezan, ou no seu caso tamén respecto do estamento de árbitros, o que a estos efectos indiquen a Federación. No período de reclamacións ao censo provisional poderase solicitar o cambio de domicilio.
 - b) Para as entidades deportivas: nome, denominación ou razón social e número de inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, así como o nome e apelidos do presidente e secretario. Os datos das entidades deportivas deberán ser plenamente coincidentes cos datos contidos no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, tendo a Federación a obriga de cotexar ditos datos. No caso de discrepancias entre os datos obrantes no rexistro da federación e os obrantes no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, establecerase un prazo de 10 días para a súa subsanación.





2. O censo electoral provisional publicárase xunto coa convocatoria. A exposición pública do mesmo deberá facerse por un prazo mínimo de 10 días hábiles, dentro do cal se poderán presentar as reclamacións que se estimen oportunas ante a Xunta Electoral, resolvéndose por esta no prazo máximo de 5 días hábiles e considerándose o silencio da xunta en sentido estimatorio da petición realizada. Dita exposición farase no taboleiro de anuncios da FGF e das Delegacións federativas, así como na páxina web www.futgal.es
3. O censo será considerado definitivo se non se presenta reclamación algunha, ou cando de presentarse, sexa resolta pola xunta electoral ou, se é o caso, polo Comité Galego de Xustiza Deportiva. Deberán aplicarse as mesmas garantías de difusión e publicidade que as previstas no número 2 deste artigo para o censo provisional.
4. Os datos contidos no censo electoral gozarán da protección do previsto na LO 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os candidatos proclamados poderán dispoñer do respectivo censo de persoas que compoñen o seu estamento, cos datos de carácter persoal contidos na licenza federativa, e, no caso dos candidatos á presidencia, das persoas que conforman a asemblea, cos mesmos datos de carácter persoal contidos no rexistro federativo. En todo caso o tratamento e publicación dos datos contidos no censo terá por única finalidade garantir o exercicio polos electores do seu dereito de sufraxio, estando prohibida a súa utilización para unha finalidade distinta a aquela.

Artigo 5. Xunta electoral

1. Unha vez aprobado o regulamento electoral dentro da Asemblea Xeral da FGF se elixirá a Xunta Electoral
2. A xunta electoral estará integrada por tres membros titulares e tres suplentes, elixidos por sorteo na asemblea xeral, entre as persoas que presenten a súa candidatura a membros da xunta electoral. As candidaturas deberanse presentar na mesma asemblea na que se celebre a súa elección, podendo estar os candidatos presentes na mesma.

Os membros da xunta deberán reunir os requisitos seguintes:

- a) Ser maior de 18 anos.
- b) Ter o título de bacharelato superior ou equivalente.
- c) Non presentarse como candidato a membro da asemblea xeral.
- d) Non ter relación contractual ou profesional coa FGF.
- e) Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa firme en materia deportiva que conleve sanción de inhabilitación para ocupar cargos nunha organización deportiva.

3. No caso de non presentación de candidatos a membros da xunta electoral, o presidente da federación proporalle á asemblea os membros necesarios para completar a mesma, os cales deberán así mesmo reunir os requisitos definidos no apartado anterior.



4. Actuará como presidente e secretario da xunta electoral o membro de maior e menor idade, respectivamente. As decisións da xunta electoral tomaranse por maioría de votos. A asistencia á xunta electoral é obrigatoria salvo causa xustificada.

Os membros elexidos pola asemblea xeral do 6 de setembro de 2014 e que comporán a xunta electoral son os seguintes:

MEMBROS TITULARES	MEMBROS SUPLENTE
1. Antonio Ramos Amor	1. Adrián González Franco (sorteo)
2. Francisco Javier Armas Angulo	2. David Rey Millán (sorteo)
3. Ricardo Fernández Freiria	3. Luis M. Areda Figueiredo (sorteo)


5. Funcións da xunta electoral:

- Velar polo axustamento a dereito do proceso electoral dos órganos de goberno e representación federativos.
- Organizar os procesos das eleccións para a asemblea xeral e presidente da federación, segundo o disposto neste regulamento electoral.
- Designar as mesas electorais de conformidade co previsto neste regulamento electoral.
- Aprobar as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, así como o resto da documentación electoral.
- Garantir a exposición de censos, candidaturas e outros documentos segun se estableza neste regulamento electoral.
- Coñecer e pronunciarse sobre os recursos que se presenten.
- Custodiar a documentación correspondente a todo o proceso electoral, excepto o que non lle corresponda do procedemento do voto por correo, ata a súa finalización.
- En xeral, cantas facultades lle sexan atribuídas por este regulamento electoral.

6. O mesmo día da convocatoria de eleccións, constituírase con plenos poderes dita Xunta Electoral.

Artigo 6. Mesa electoral: composición e competencias.

- En cada circunscrición electoral constituírase unha única mesa electoral para a elección dos membros da asemblea no día fixado. Para a especialidade de fútbol sala, fútbol sala feminino e outro colectivo fútbol feminino terá circunscrición electoral única a cal será a sede central desta federación (A Coruña). O horario de apertura da mesa será o seguinte: 17:00 a 22:00 horas. Ubicaranse nos seguintes lugares:
 - FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL: Menéndez Pelayo, 18, 2º - 15005 A Coruña
 - DELEGACIÓN DE FERROL: C/ Venezuela, Nº 4 Bajo, 15403 – Ferrol
 - DELEGACIÓN SANTIAGO DE COMPOSTELA: Estadio Multiusos de San Lázaro, Fondo Norte, Porta 7 – 15703 Santiago de Compostela.
 - DELEGACIÓN DE LUGO: Ronda del Carmen, 50 Entresuelo C – 27001 Lugo





- DELEGACIÓN DE OURENSE: C/ Noriega Varela, 12 bajo – 32004 Ourense
- DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA: Leonardo Enriquez, s/n. 36005 – Estadio Municipal de Pasaron
- DELEGACIÓN DE VIGO: C/ Caleira, nº6 Entreplanta – 36212 Vigo.

As mesas electorais estarán compostas por tres membros titulares (un presidente, un secretario e un vogal) e tres suplentes destes, elixidos por sorteo pola xunta electoral entre os integrantes do censo definitivo. Serán presidente e secretario os membros de maior e menor idade respectivamente. A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá ser autorizada pola xunta electoral.

Así mesmo, para a mesa electoral, os candidatos poden nomear interventores, entre quen desempeñe a condición de elector, que serán identificados ante a xunta electoral con antelación non inferior a 24 horas do día de celebración das respectivas votacións. A xunta electoral expedirá a correspondente acreditación.

Os interventores poderán participar nas deliberacións da mesa, con voz pero sen voto, así como solicitar á mesma certificacións e formular ante ela protestas, todo iso sen prexuízo da lexitimación que lles corresponde conforme aos artigos 18 e 19 deste regulamento.

O sorteo para a elección das mesas electorais farase na sede da FGF (A Coruña) o día **28 de outubro de 2014 (véase calendario electoral) ás 20:00 horas.**

2. A efectos de remisión do voto por correo, establécese como mesa para a recepción de votos no centro do C.D. Atlético Polvorán, 18 - 2º - 15005 A Coruña.


3. Son competencias da mesa electoral:

- Comprobar a identidade dos votantes.
- Recoller a papeleta de voto e depositala na urna pechada e preparada aos efectos.
- Proceder á contaxe de votos.
- Levantar acta dos votos emitidos, resultados, e calesquera outras incidencias, así como das incidencias e reclamacións se as houber, facendo constar o número de votos obtidos por cada candidato.

4. A acta será subscrita por todos os membros da mesa electoral, así como polos interventores, se os houber, remitíndose posteriormente á xunta electoral, que deberá garantir a súa exposición pública mediante a publicación nos taboleiros de anuncios e na páxina web www.futgal.es

5. Cando proceda a elección de presidente constituirase a mesa electoral con dous membros que serán respectivamente o de maior e menor idade da asemblea. O primeiro actuará como presidente e o segundo como secretario. Así mesmo, e ata que conclúa a elección de presidente, exercerán funcións de presidente e secretario da asemblea.

6. Os gastos de desprazamentos dos membros das mesas electorais serán sufragados pola FGF. Quedan establecidos como axuda de custos por razón de servizo aos membros das mesas electorais en función aos seguintes criterios co obxecto de sufragar os gastos ocasionados aos integrantes das mesas electorais. Os membros das mesas percibirán en concepto de dietas a cantidade fixa de 50 euros, máis 0,19 por quilómetro en vehículo propio, máis os gastos de peaxe de autoestrada e aparcamento sempre que se xustifique, ou o importe xustificado do medio de transporte público utilizado.



Artigo 7. Convocatoria de eleccións

1. A convocatoria das eleccións será feita polo Presidente da Federación Galega de Fútbol o día 9 de outubro de 2014, conforme a este regulamento electoral, aprobado pola Secretaría xeral para o deporte.
2. Simultaneamente á convocatoria de eleccións, a xunta directiva disolverase, constituíndose en comisión xestora que non poderá realizar mais que actos de mera administración e trámite.
3. A convocatoria de eleccións publicárase no taboleiro de anuncios da sede da federación e nas delegacións, así como na páxina web www.futgal.es. A notificación da convocatoria de eleccións conterá cantos datos se precisen para o correcto desenvolvemento do proceso electoral, e sinaladamente:
 - a) Regulamento electoral.
 - b) Calendario electoral con indicación do lugar, data e hora de celebración dos actos propios do proceso electoral.
 - c) Lugar de consulta dos censos electorais.
 - d) Modelos oficiais de sobres e papeletas.
 - e) Composición e sede da xunta electoral da Federación.
4. Cun prazo de antelación mínimo de cinco días hábiles dende a data da convocatoria, esta haberá de ser notificada, a través do medio que permita asegurar a súa recepción, cando menos, as entidades deportivas integrantes desta federación e á Secretaría xeral para o deporte.

Artigo 8. Electores e elixibles

1. Poderán ser electores e elixibles:

- a) No caso dos estamentos constituídos por **persoas físicas** (deportistas, adestradores e árbitros) os que reúnan os seguintes requisitos:
 - Ser maior de idade á data da convocatoria das eleccións.
 - Ter licenza federativa en vigor e tela tido na tempada deportiva anterior á data de convocatoria. E decir, licenza nas tempadas **2013/2014 e 2014/2015**.
 - Ter participado nun mínimo de unha competición oficial na tempada deportiva anterior.
- b) No caso do **ESTAMENTO DE ENTIDADES DEPORTIVAS: aquelas entidades deportivas**, que estean inscritos, na tempada da convocatoria das eleccións (2014/2015), na federación e no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia e teñan participado en as seguintes competicións deportivas:

A estes efectos e, con carácter mínimo, deberán de ter participado en **DUAS competicións deportivas de liga** na tempada de convocatoria (tempada 2014/2015) e igualmente, en **DUAS** competicións de liga nas dúas tempadas inmediatamente anteriores respectivamente (2012/2013 e 2013/2014). **Exceptúase** o fútbol sala e o fútbol feminino onde esixírase como mínimo ter participado en **catro** competicións **entre** a tempada de esta convocatoria de eleccións (2014/2015) e as dúas tempadas inmediatamente anteriores (2012/2013 e 2013/2014) a aquel, e necesariamente unha delas na tempada da convocatoria das eleccións.



Non será elixibles aquelas entidades deportivas que formen parte da asemblea na súa condición de membros natos.

2. Aos efectos deste artigo entenderase como **COMPETICIÓN DEPORTIVA, as distintas divisións dentro de cada categoría competicional** que son as seguintes: Aficionados, xuvenís, cadete, infantil, alevín, benxamín e prebenxamín.

3. Os electores e elixibles que pertencen a dous ou máis estamentos no censo provisional, deberán optar por un deles, mediante escrito ante a xunta electoral que deberá cursarse no período de reclamacións ao censo. De non exercer esta opción no prazo indicado, os electores que se atopen en varios estamentos resolverase seguindo o seguinte criterio:

Serán incluídos no estamento de futbolistas, os que sexan incluídos nos censos de futbolistas e técnicos/as.

Serán incluídos na modalidade de fútbol as entidades deportivas que sexan incluídos nos censos de fútbol feminino, fútbol sala e fútbol.

Serán incluídos na especialidade de fútbol sala masculino as entidades deportivas que se atopen nos censos de fútbol sala masculino e fútbol sala feminino.

Artigo 9. Composición da Asemblea xeral

1. O número de membros da asemblea xeral será de **150 ó 151**, en aplicación do artigo 10, do presente regulamento electoral e o artigo 15 punto un (1) párrafo terceiro do *decreto de 14 de maio de 2014, polo que se aproba o Regulamento Electoral da FFG*.

- a) Que o Presidente saínte resultara elixido
- b) Que o candidato elixido non fose membro da asemblea
- c) Que o candidato elixido sexa presidente dun club membro da asemblea

o número de membros da asemblea xeral será de **151 membros**. En caso contrario, si el presidente es elegido por el estamento de personas físicas a asemblea terá **150** membros. O presidente da federación desempeñará a presidencia da asemblea xeral.

2. Os seus membros serán elixidos cada catro anos mediante sufraxio libre, igual, directo e secreto. Se un membro electo da Asemblea Xeral perdera a condición pola que foi elixido, causará baixa automaticamente naquela, sendo substituído polo candidato máis votado do estamento a que pertencía a partires do último elixido como membro da Asemblea Xeral, e decir, as vacantes que se produzan na Asemblea Xeral antes das seguintes eleccións xerais a ela, serán cubertas, dentro de cada estamento e de maneira sucesiva, polos candidatos que no proceso electoral obtivesen maior número de votos despois dos que resultaron electos.

Os elixidos para ocuparen as vacantes ás que a refire ou apartado anterior ostentarán o seu mandato polo tempo que falte para a celebración das seguintes eleccións xerais. No caso que ou asambleísta substituído recuperase os requisitos polos que foi elixido voltará a ser inscrito novamente na Asemblea pasando ou substituído a súa posición de suplente.

3. Na asemblea xeral deberán estar representados todos os estamentos recoñecidos nos estatutos e integrados na federación e, cando menos, as entidades deportivas, os futbolistas, os adestradores e os árbitros.

4. No estamento de entidades deportivas haberá membros natos e membros electos.



5. A representación da entidade deportiva corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda. Esta representación acreditarase fidedignamente mediante **certificación da inscrición** do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

6. Non cabe representación das persoas físicas.

7. Ningún membro da asemblea poderá desempeñar unha dobre representación nesta.

8. A FGF axustarase, no posible, nas súas actuacións ás recomendacións feitas pola Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG nº 149, do 3 de agosto).

Artigo 10. Proporcionalidade na composición da Asemblea xeral

1. A porcentaxe de cada estamento é:

- a) Representantes de entidades deportivas: 60 % - 90 membros
- b) Representantes de deportistas: 20 % - 30 membros
- c) Representantes de adestradores: 5 % - 8 membros
- d) Representantes de árbitros: 5 % - 8 membros
- e) Outras especialidades e colectivos (fútbol feminino y fútbol sala): 9 % - 14 membros

2. En calquera caso todas as entidades deportivas deberán necesariamente cumprir os requisitos que para eles se establece no artigo 8 desta regulamentación.

3. As porcentaxes xerais atribuídas a cada estamento son distribuídas, entre as delegacións provinciais, da seguinte maneira:


Modalidad principal (fútbol)

	A Coruña	Ferrol	Santiago Compost.	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Entidades Deportivas	23	6	15	10	6	15	15
Deportistas masculinos	6	2	5	3	3	5	6
Árbitros	1	1	1	1	1	1	1
Adestradores	1	1	1	1	1	1	1

Especialidade:

Fútbol Sala:

Entidades Deportivas	4
Xogadores	2
Árbitros (procede de estamento árbitros)	1



Adestradores (procede de estamento adestradores)	1
--	---

Fútbol Sala Femenino:

Entidades Deportivas	1
Xogadoras	1

Outro colectivo:

Fútbol femenino:

Entidades Deportivas	5
Xogadoras	1

4. Cando o número de candidatos de calquera estamento coincida ou sexa inferior ao número de membros que hai que elixir non será necesaria a celebración de eleccións polo que a ese estamento se refire, dando continuidade ao procedemento electoral.

No entanto, no caso de que nalgún estamento da asemblea houbera máis dun 20% de vacantes, unha vez terminado o proceso electoral e no prazo máximo de 3 meses, o presidente procederá á convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes, sen que esta nova convocatoria parcial afecte aos xa elixidos.

Artigo 11. Membros natos da Asemblea Xeral polo estamento de entidades deportivas

Conforme o establecido na Orde do 8 de setembro de 2010, establécese como baremo para a designación dos membros natos da asemblea xeral o seguinte:

No caso da FGF:

- Aqueles cinco que contén cun maior número de licenzas.
- Así como outros cinco que teñan participado no maior número de categorías oficiais.

Para a determinación dos membros natos pola participación en categorías competicionais, valorarase tanto o número de categorías en que se participa como o número de futbolistas participantes. Estes datos referiranse a tempada inmediatamente anterior ao da convocatoria de eleccións (2013/2014)

Nos casos de empate nalgunha das categorías anteriores, será membro nato aquela entidade deportiva que conte con máis méritos na outra categoría. No caso de proseguir o empate, este resolverase favorablemente para a entidade deportiva con máis antigüidade na súa afiliación á federación.

No caso de que unha entidade deportiva teña méritos para obter representación na asemblea por ambas categorías, **a representación resultante será cuberta polas entidades deportivas candidatas á asemblea segundo o procedemento ordinario de elección no estamento de entidades deportivas.**



As entidades deportivas deberán estar incluídos no censo electoral definitivo. Aquelas entidades deportivas que desexen renunciar á súa condición de membro nato deberán facelo, ante a xunta electoral, no prazo de reclamacións ao censo provisional establecido no artigo 4.2º. A xunta electoral publicará tal incidencia no taboleiro de anuncios da federación, así como na páxina web futgal.es.

Para os efectos de publicidade e posibles recursos observárase disposto no artigo 4º, respecto ao censo electoral.

Conforme o anterior baremo, son membros natos da asemblea os seguintes Entidades Deportivas:

POR MAIOR NÚMERO DE LICENZAS	POR MAIOR NÚMERO DE CATEGORÍAS
1. VICTORIA C.F.	1. VICTORIA C.F.
2. C.D. CALASANZ	2. C.D. CALASANZ
3. GALICIA CARANZA	3. GALICIA CARANZA
4. E.D. VAL MIÑOR CAIXANOVA	4. URAL C.F.
5. URAL C.F.	5. IMPERATOR O.A.R.

Artigo 12. Candidatos a membros electos da Asemblea xeral

1. Poderá ser candidato a membro da asemblea xeral toda persoa física ou xurídica incluída no censo definitivo que o solicite personalmente, por correo certificado ou por calquera outro medio que acredite tenacemente en dereito a dita solicitude, ante a xunta electoral. Para a solicitude establécese un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación do censo definitivo.


2. Unha vez presentadas as candidaturas, a xunta electoral proclamará a lista provisional de candidatos facéndoa pública na páxina web www.futgal.es. Haberá un prazo de 2 días hábiles, para a presentación de posibles reclamacións ante a Xunta electoral.

3. Unha vez resoltas as posibles reclamacións si as houbera, procederase á proclamación definitiva de candidatos.

Artigo 13. Sistema de votación a membros da Asemblea xeral

1. A votación a membros da asemblea realizarase en urnas separadas por estamentos mediante a papeleta oficial. A votación desenvolverase sen interrupcións durante o horario 17:00 a 22:00 horas (o reflectido na convocatoria). Soamente por causa de forza maior poderán non iniciarse ou interromperse as votacións. En caso de suspensión da votación non se terán en conta os votos emitidos nin se procederá ao seu escrutinio. Neste caso, a xunta electoral fixará unha data para a nova votación.

2. O dereito de votar será acreditado pola inscrición no censo electoral definitivo. Para a súa identificación, o elector deberá presentar documento acreditativo da súa personalidade como o DNI, pasaporte, **tarxeta de residencia** ou permiso de conducir con fotografía do titular. No caso das persoas xurídicas a representación corresponde ao seu presidente ou persoa que conforme estatutos lle corresponda, debéndose



acreditar fehacientemente a dita representación mediante **certificación da inscrición** do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia na que figure expresamente os representantes legais da entidade.

Á hora fixada para a finalización da votación, o presidente/a da mesa electoral anunciará en voz alta a conclusión da votación e preguntará se alguen dos presentes non realizou votación, admitindo o voto dos mesmos que estean no local, non permitindo entrar a ninguén mais. Seguidamente procederán a votar o secretario, o vogal, os interventores, e por último o presidente/a da mesa, sempre que os mesmos teñan a condición de elector.

Finalizada a votación, o presidente/a declarará pechada a mesma e comenza o escrutinio, con a presenza soamente dos membros da mesa e os pertinentes interventores. Se irán anotando por separado os votos válidos, os nulos e os votos en branco. O presidente/a, secretario, vogal e interventores asinarán as listas numeradas de votantes ao marxe de tódolos seus pregos e inmediatamente debaixo do últimos nome escrito.

Se un membro electo da Asemblea perdera a condición pola que foi elexido, causará baixa automaticamente naquela, procedéndose á súa substitución da seguinte forma:

En cada circunscrición electoral (correspondente con cada delegación federativa) ocupará a vacante ou seguinte membro do estamento correspondente segundo orde de número de idade, cronolóxicamente.

No caso de que se produza un empate na votación a hora de elixir os membros da Asemblea Xeral resolverase segundo o seguinte criterio:

- a) No caso das entidades deportivas ou persoas xurídicas: a entidade deportiva de maior antigüedad na F.G.F.
- b) No caso de persoas físicas a de maior idade.

